

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MOTOCICLISMO
celebrada en Vigo o día 2 de febreiro de 2019 ás 11:00 h. en 2ª convocatoria**

Coa asistencia dos membros da Asemblea que a continuación se detallan, baixo a presidencia do presidente D. José Canda Rodríguez e coa asistencia do secretario xeral, Mário Riveiro Martínez.

Asisten:

ESTAMENTO DE CLUBS:

MOTO CLUB PAPAYA
MOTO CLUB MORRAZO
MOTO CLUB VFM
MOTO CLUB SALTAMONTES
CLUB SOBRE RODAS
MOTO CLUB MOVISA

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:

D. ALBERTO LOCOCO
D. ARTURO M. VILLA ALVAREZ

ESTAMENTO DE TÉCNICOS:

D. ABILIO ANTUNEZ RODRIGUEZ
D. JOSÉ BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ
D. JULIO PÉREZ SOLLEIRO
D. JOSE CANDA RODRIGUEZ

ESTAMENTO DE XUICES-ÁRBITROS:

D. JULIO CANDA LOUZAO
Dª SANDRA FERNANDEZ GONZALEZ
D. PEDRO J. MENDEZ ZAS

Asiste ademais con voz e sen voto, en calidade de tesoureiro, Secundino Ponte García.

Comeza a asemblea saudando aos presentes e dando as grazas por asistir. Pregúntase se queren declarar aberta ou pechada a asemblea. Deciden que a asemblea sexa aberta.

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR.

O secretario da lectura do acta da asemblea anterior celebrada o 10 de febreiro de 2018. Ao final da lectura o secretario pregunta se alguén bota algo de menos na redacción do acta sen que haxa ningunha rectificación. O acta é ratificada por tódolos presentes.

2. MEMORIA ANUAL 2018 – PROXECTO DEPORTIVO 2019

O presidente da a benvida a todos e comeza a facer balance da memoria deportiva do 2018. Comeza dando as grazas por ter renovada a confianza nel no proceso electoral recén acabado para presidir a FGM.

Informa que a RFME non concedeu ningunha organización de Ctos. de España. Había varias peticións nas especialidades de Motocros, Trial, Supermoto, Enduro, Cross Contry e Minivelocidade. Estas competicións axudaran en anos anteriores a sacar adiante Ctos. Galegos que se disputaban nas mesmas datas. Esta vez non houbo esa posibilidade e quedaron desertos algúns campionatos como os de Cross Country, Enduro ou Supermoto que nos anos anteriores celebráronse cos nacionais.

Organizouse en Santiago o Cto. Do Mundo de Enduro con gran éxito organizativo por parte de Móvete Na Moto. Este ano voltou a ser concedido o CME, e vaise celebrar outra vez en Santiago do 9 ao 12 de Maio.

Coa axuda de cinco clubs: CM Teo, Aldán, Trial Entrimo, Trialco e ASOMO saíu adiante o calendario de CGT con 7 probas, agradecerlle o esforzo que fan, porque a situación económica non é fácil. A demisión do delegado unha vez comezado o campionato non axudou nada. Comunicouse aos organizadores esta renuncia, explicandoselle que nun par de meses comezaba o período electoral e non tiña sentido nomear un novo delegado para mes e medio. Sei que isto causou algunha confusión nos organizadores, pero como xa lle manifestei a eles, o trial teñen que sacalo adiante a xente do trial. Reuníme con algúns deles en Santiago, coa intención de sacar adiante un calendario para o CGT 2019.

No CGV, nas cilindradas pequenas celebráronse 4 probas, con actividade so nas categorías de minimotos e minivelocidade. A principios de ano, antes de comezar as probas, recibíronse numerosos correos-e dos pais dos participantes solicitando dividir a categoría de Minimotos en dúas categorías, 4,2 e 6,2. Chegaron no mesmo sentido propostas para Minivelocidade, pedindo separalas en Minimotard 65 e Minigp. A Comisión Delegada aprobou esas solicitudes. Aínda así hai que recordar que na asemblea anterior establecerase unha prórroga de un ano para as 6,2, que xa as retiraran da RFME no ano anterior.

As probas para 2019, son as calendadas por VFM no seu trofeo social VF Challenge Moto Race, nas que teñen intención de que 4 sexan puntuables para o CGV.

No motocros, quadros e supercros as probas calendadas foron suspendéndose pola baixa inscrición. Lográrase facer un calendario para animar aos pilotos a voltar as probas federadas pero infelizmente non se conseguiu o obxectivo. Para o 2019 voltaremos a presentar un calendario, esperemos que esta vez corra mellor sorte. Despois de reunirme con varios clubs interesados en organizar probas, vaise tentar sacar adiante estes campionatos. Ao igual que no trial reuníme cos posibles organizadores de probas de mx sx qx 2019.

A continuación o presidente informa da reunión con Javier Quintas, en representación da Liga Galega de Moto de Campo. Recibino na FGM en presenza do secretario. Nesa reunión tiveron a sensación que a única intención do Sr. Quintas era que intercederamos coa RFME para que lle concederán un Cto de España de Enduro. Informouse ao representante da LGMC que a FGM non concede os campionatos de España e que hai un acordo tomado na asemblea da RFME de non conceder probas a clubs que organizan ou fomentan o deporte non federado, que non ten sentido organizar un campionato paralelo ao federado e logo pedir que che concedan un CEE. Preguntou tamén pola posibilidade de facer probas conxuntas, que algunhas probas da LGMC foran puntuables para os CGE ao que se lle respondeu que esa posibilidade xa existía, sempre baixo os regulamentos e seguros da FGM como veñen facendo outros organizadores como VFM que organizan conxuntamente probas para o seu trofeo e tamén valedeiras para o CGV. Tamén hai exemplos no motocros e trial con categoría social. Saíu da reunión decindo que ía presentar unha proposta de colaboración, ao que se lle dixo que a presentase antes da asemblea, para poder sometela a debate e aprobación na mesma. Proposta que nunca chegou.

Para este ano recuperáanse varias probas dos Ctos. de España nas especialidades de Motocros, Supermoto, Trial e Enduro. Esperamos que sirvan para tirar do carro e lograr participación para os Ctos. Galegos que coincidan nas mesmas datas.

O presidente informa da reunión que tivo co Secretario Xeral para o Deporte, D. Jose R. Lete Lasa o día anterior na casa do deporte de Vigo, en presenza do secretario xeral da FGM e na que tamén asistiu o xefe de servizo de deportes de Pontevedra, D. Daniel Benavides Alonso. Nesa reunión pedida polo presidente falouse de tentar axudar aos deportistas DGAN, para que poidan levar o nome de Galicia e Deporte Galego polo mundo adiante, o sr. Lete quedou en estudala. Tamén se falou da organización o Cto. Do Mundo de Enduro a celebrarse por segundo ano consecutivo en Galicia, comprometéndose o Secretario Xeral a mellorar a axuda recibida o ano pasado para ese evento. Outro dos temas a tratar foi o difícil que nos resulta implantar os programas que eles con bon criterio fomentan, pero que teñen difícil cabida no noso deporte, xa que non somos deporte olímpico, o deporte adaptado está practicamente descartado porque este colectivo non ten acceso ao carné de conducir. No deporte feminino aínda que poucas, si que temos deportistas, pero é inviábel facer unha carreira feminina exclusivamente, pero comprometémonos a que tódalas categorías dos CG teñan esta categoría. Solicitamos da SXD unha axuda extra para facer dous cursos exclusivamente para mulleres. Quedaron en estudar a proposta.

Por último informouse ao Secretario Xeral para o Deporte da reunión mantida con D. Javier Quintas, representante da Liga Galega de Moto de Campo. E pedimoslle que alguén ten que supervisar esas probas, xa sexan técnicos da SXD ou dos concellos que autorizan, porque o seguro que utilizan está moi por debaixo das coberturas que se nos exige a nos. Que non ten sentido que a lei que a nos se nos fai cumprir a eles so lle pidan ter seguro, sen marcarlles unhas condicións mínimas. Pedindolle ao sr. Lete que dende a SXD se lles pida a póliza e revisen que ese seguro é válido para a competición de motos.

Acaba o presidente a súa intervención animando a tódolos clubs, pilotos e cargos oficiais que aposten polo deporte federado.

Na páxina 13 do dossier preséntase unha relación dos clubs afiliados a FGM a 31/12/2018. Neste punto o secretario informa que a SXD enviou un escrito o 23/03/18 informando dos clubs que causaban baixa do proceso electoral por non ter os estatutos adaptados no rexistro. Tamén se relacionan no mesmo listado os clubs que a 31/12/18 non adaptaron os estatutos e que causan baixa. Non podendolle tramitar a alta 2019. Varios clubs manifestaron estar en proceso de arranxar este tema no rexistro ao que o secretario pide instrucións a asemblea de como actuar nestes casos. A asemblea acorda que os clubs que arranxen a documentación no rexistro se lles tramite a cota de afiliación no momento que envíen a nova documentación. Nestes casos non se lle cobraría a taxa de alta, simplemente a cota anual correspondente.

Na páxina 14 relacionanse as actividades dos clubs en 2018, por data, modalidade, ámbito e clube organizador. Na px. 15 mostrase gráfico da actividade por provincias.

Na páxina 16 presentase estatística detallada de licenzas de cada clube.

Das páxinas 17 a 18 presentase a clasificación dos campionatos, trofeos e copas das diferentes disciplinas. Clasificacións que levan colgadas na web todo ano. Aprobábase a clasificación dos CG 2018.

Na seguinte folla aparece a relación de pilotos con títulos nacionais e internacionais no ano 2018.

3. INFORME EJERCICIO ECONÓMICO 2018.

Presentase o informe favorable da comisión delegada ás contas do 2018 e a aprobación pola mesma tamén do orzamento 2019.

O tesoureiro comeza lendo o balance de gastos comparado co orzamentado, comenta que hai unha baixada en ambos lados do balance. Dos 215.150€ orzamentados como ingreso e gastos baixouse aos 146.271€ en ingresos. O tesoureiro informa que a baixada debese á ausencia de ctos de España, que xeneran moito movemento e sobre todo a anulación das probas de MX SX e QX. Tamén fixo caer a recadación a solicitude de VFM de recadar o propio organizador as inscricións do CGV.

Os gastos foron 132.061€, non incluído neles a amortización anual pactada do despido contabilizado integramente no orzamento 2016. O tesoureiro da lectura das partidas de ingresos e gastos, matizando o secretario en cada caso a que se debe cada apunte. Ao chegar á partida do Cto. Do Mundo Enduro, o secretario explica que o ano pasado a Secretaria Xeral para o Deporte metera no noso convenio a axuda destinada para Móvete Na Moto para organizar o CME. Interven o presidente e ofrecese para ir a SXD con calquera clube que queira organizar un gran evento no futuro a negociar un acordo coma este. Tamén informa que na reunión mantida con Lete, informouse de que estas partidas non ía entrar polo noso convenio, polo que no orzamento de 2019 presentado na páxina seguinte haberá que quitalo.

Levase a votación a aprobación das contas do 2018 cun resultado de 15 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

Presentase orzamento para o 2019, o secretario informa de que as partidas están axustadas polo recadado no ano anterior, pero con previsión a alza polas organizacións de 4 Ctos. de España, que aínda que non deixan liquidez, si que afectan a moitas partidas de ingresos e gastos.

Explícase que no orzamento meteuse a partida de 10.000€ que a SXD dera para o Cto. Do Mundo de Enduro no 2018, coa previsión de que este ano deran o mesmo, pero como xa informamos antes, na reunión de onte, dixeronos que esa partida non ía entrar polo convenio, polo que hai que quitala do apartado de ingresos e

gastos no orzamento presentado, que en principio era de 183.942,32€, e ao quitar eses dez mil euros o orzamento baixa a 173.942,32€.

Sandra Fernández pide que se explique a que se vai destinar a partida de gasto contemplada co epígrafe “axudas deporte feminino”. Explicáselle que a intención é que a SXD dera unha axuda a maiores de 4.000€ para organizar un par de concentracións femininas, xa que nos insisten moito en fomentar o deporte feminino, pero que xa lle explicamos que é inviábel facer competicións exclusivas para mulleres. De recibir esa partida extra, destinaríase integramente a facer campus femininos, con cursos, iniciación etc. De non habela será difícil levala a cabo polo alto coste de preparar un circuío, seguros, ambulancias etc para un evento no que se poden inscribir 5 ou 6 mulleres.

Procedese a votación do orzamento 2019, con 15 votos favorables, 0 en contra e 0 abstencións.

Na seguinte páxina detallase a proposta da Comisión Delegada para as tarifas de licenzas 2019, nas que acordaron trasladar linealmente a baixada do seguro nas de trial, incrementar 5€ a social polo mesmo motivo. As demais tarifas quedan iguais ás 2018. O secretario informa que estas tarifas xa se están aplicando dende o 1 de xaneiro, pois aos pilotos que queren adestrar ou competir a primeiros de mes hai que darlles trámite de licenza. Sandra Fernández pregunta pola nova licenza “hobby”. Explica o secretario que é unha nova licenza non competitiva, sen toma de tempos, sen podio, sen clasificacións. Que pode ter cabida no trial e no enduro, en saídas, quedadas, rutas. Tamén poderían participar nun CG Enduro sen clasificar ou no CG Trial nas categorías de TR5 e TR4 sempre sen aparecer en clasificación.

Mauro Hermelo pregunta se se pode facer un podio con esa categoría, explicáselle que non, que para iso xa existe a licenza social, neste caso se non hai clasificación difícilmente se poderá dar un podio ou trofeo. Coinciden os presentes que pode ser interesante para os clubs, para tentar ter máis participación nos seus eventos.

Explícase tamén que hai unha nova tarifa de comisario de pista de unha proba, que pode ser interesante para asegurar aos bandeiras, xuíces de trial, comisarios que están nas especiais de enduro ou calquera membro da organización que polo seu cometido poda estar exposto a maior risco de sufrir un accidente. Que sería bo que nestes últimos casos lles tramitaran este seguro.

Votase a proposta de tarifas licenzas e queda aprobada con 15 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións.

Na páxina 24 presentase a proposta de tarifas de dereitos de proba nas que varios clubs presentaron propostas para equiparar os dereitos das probas de SX e Dirt Track ás de MX. A comisión delegada deu o visto bo a estas propostas, equiparando tamén os dereitos das probas de Trial e Enduro. A proposta é ratificada pola asemblea. Quedando os dereitos das probas de MX SX QX DT e Trial Indoor en 185€. Os dereitos para as probas de Trial e Enduro quedan en 132€.

Apróbanse os cambios nas tarifas por unanimidade, exceptuando para probas en estadio ou pavillón con despacho de entradas, nacionais e internacionais, que seguiran tendo a mesma tarifa, 2.323€.

O secretario informa de que nas tarifas de inscricións que se propoñen na px. 25, a comisión delegada acordou que hai que actualizalas e poñerse ao nivel das comunidades limítrofes como Asturias ou Castela-León, 10€ de media por encima das nosas. A asemblea acorda subir a inscrición 2€ cada ano nos próximos 5 anos nas especialidades de Trial, Enduro, Motocros, Supercros, Quadros, Cross Country. As de velocidade quedan como están pois xa foran actualizadas anteriormente. O recargo por incibirse fora de prazo queda fixado en 10€. Unha vez alcanzados os niveis das outras rexións, actualizalas segundo o IPC para que non volte a pasar este desfase. A cota de clube apróbase en 121€. O acordo é aprobado pola unanimidade dos presentes.

PROPOSTAS e CAMBIOS NOS REGULAMENTOS 2019

A RFME ofrece dar de alta a tódolos federados de off road na plataforma Moto de Campo Sostenible (MCS), creada para dar cobertura ao colectivo, asesoramento. A MCS é unha plataforma creada para tentar crear unha rede de espazos sinalizados onde poder practicar o off road sen as restriccións actuais das leis de montes. Dar apoio legal, asesoramento de multas. Para poñerse de acordo coas institucións e poder encontrar

un marco legal que poida regular o acceso ao medio natural e permita a convivencia de tódolos usuarios do monte. O custe para os federados será gratuito. A proposta é aprobada.

CG MX SX QX

A continuación explicase a proposta presentada polos clubs organizadores dos CGMX SX QX. Propoñen como categorías do CGMX-SX: MX65 (MX50) – MX85 – MXOPEN – MX S18. Ademais propoñen facer un Trofeo Social para os pilotos que saquen esta licenza.

En todas as categorías nas que participen no día da proba tres ou mais mulleres, extraerase unha clasificación de Feminas cos puntos obtidos na xeral de ese campionato.

Os regulamentos das categorías serán os mesmos cos dos CEMX. Neste punto Sandra Fernández recorda que no CEMX as normas para clasificar son diferentes. O secretario responde que xa fora aprobado na asemblea anterior que nos CG aplicaríanse as normas do regulamento 2016. Hai que completar o 75€ das voltas e pasar por meta para clasificar. Tamén se adaptarán outros artigos como o das duracións das mangas as necesidades do CG. Para os quads convocase o Trofeo Social nas categorías Q1 e Q2.

A proposta é aprobada por unanimidade.

CG TRIAL

Propoñen os organizadores recuperar a Copa Galega de Trial Infantil e Clásicas o sábado anterior ao CGT.

Convocar o Cto. Galego de Trial Indoor, a asemblea deixa aberto o prazo e da instrucións a comisión delegada para que fale cos clubs interesados e aproben un calendario.

O secretario informa á asemblea que a federación asturiana propón seguir colaborando con probas conxuntas valedoras para o CGT e o asturiano. Das dúas propostas de datas que dan, a asemblea decide que unha proba asturiana sexa puntuable para o galego. Eles daríanlle puntuabilidade para o asturiano a proba de Arteixo. O secretario concretará co delegado asturiano as datas acordadas.

Convocase a categoría Hobby, para pilotos que queiran iniciarse no CGT. Poden facer os pasos TR5 e TR4, esta categoría non terá podio, nen clasificación, nen tempo asignado. Con esta categoría buscase que os pilotos locais que non fan todo o campionato, podan participar na proba a costes reducidos.

Debatese a proposta de darlle puntualidade no CGT aos pilotos doutras comunidades chegando ao acordo de que se publicaran as dúas clasificacións por separado. Unha clasificación do CGT cos pilotos galegos e unha clasificación OPEN na que apareceran tódolos pilotos participantes, para que poidan ter acceso a unha clasificación publicada. Esta clasificación so será informativa, non dará dereito a trofeos ao final de ano.

Para o Trofeo de Trial Indoor acordan que para poder reunir aos pilotos do nivel que se necesita para facer un indoor, tódolos pilotos participantes puntuarán neste Trofeo, aínda que veñan con licenza doutras comunidades. A proposta é aprobada por unanimidade.

CG VELOCIDADE

Aprobase a proposta de VFM para que dúas das súas probas sexan valedoras para o campionato asturiano de Minivelocidade. Quedando os organizadores encargados de negociar coa federación asturiana as condicións nas que veñen ás súas probas: encaixar categorías, o cobro das inscricións, etc.

CALENDARIOS 2019

O secretario da lectura das probas calendadas para a tempada 2019. Lembrando aos asembleistas que teñen que borrar unha das probas do CGT en asturias. Interven Daniel Vazquez preguntando pola data calendada por KSB, pregunta se é unha proba. O secretario informa que foi calendada como actividade de escola. Outro asembleísta interven para dicir que dan clasificacións e fan podios e que habería que preguntar a KSB que tipo de evento é, se unha proba ou uns adestramentos. O secretario queda encargado de poñerse en contacto cos organizadores para que aclaren se é unha proba ou son uns adestramentos. Aprobase o calendario por unanimidade.

ROGOS e PREGUNTAS.

Daniel Vázquez pregunta polo seguro das licenzas en adestramentos, decindo que hai circuítos interesados en que tódolos pilotos que adestren alí teñan licenza federativa. Pregunta se os circuítos poden aceptar a licenza para os adestramentos. Contestaselle que esa posibilidade xa existe, se hai algún comisario, clube, concello que organiza as tandas, se alguén supervisa os adestramentos, comproba as licenzas, estarían cubertos aínda que non o comuniquen por zona privada individualmente.

Informa tamén que en probas non federadas están instando aos pilotos con licenza a que activen o seguro de adestramentos nas tandas que fan o día anterior, para non ter que pagar dous seguros. Acordase enviar unha circular aos pilotos con licenza, avisandolle que si están participando en un evento non federado, aínda que sexa nos adestramentos do día anterior, non estarían cubertos. A licenza cubre en adestramentos organizados por clubs afiliados, circuitos colaboradores, ou as comunicadas en zona privada. Nunca nun evento non federado aínda que se comunique o adestramento.

Dáse por finalizada a reunión ás 13:25 horas do día 2 de febreiro de 2019.

Vº Bº. Ppresidente FGM
José Canda Rodríguez

asdo. Secretario Xeral
Mário Riveiro

